


**COMPOÑENTES DA MOTOSERRA:**

**COMPOÑENTES DA MOTOSERRA**

- Motor de combustión interna de dous tempos, combustible gasolina e potencia entre 1 e 7 Kw.
- Sistema de arranque mediante sirga e empuñadura.
- Espada: Soporte arredor do cal xira a cadea.
- Cadea: Provistas de coitelas que son as que desenvolven accións de corte. Levan marcas para indicar o seu grao de desgaste. Hai diferentes tipos en función do traballo que se teña que realizar.
- Sistema de lubricación: Lubrica a cadea para facilitar o desenvolvemento do traballo e evitar o seu sobrequecemento.
- Empuñadura: Permite suxeitar e controlar a máquina, ao mesmo tempo envolve e protexe a man dereita.
- Tensor de cadea.



**ELEMENTOS DE SEGURIDADE**

- Regula o funcionamento da máquina. Acciónase coa man esquerda e evita perder o control sobre a máquina.
- Fiador de aceleración: Bloquea o acelerador para evitar aceleracións fortuítas.
- Fiador de ralentí: Ó desacelerar a motoserra, frea da cadea.
- Cadea de seguridade. Nos elos posúe limitadores de profundidade en bisel. É estándar en todos os modelos actuais.
- Captor de cadea: En caso de que a cadea rompa de súpeto, recóllea no interior da carcasa.
- Placa protectora. Protexe a asa da man esquerda. Na meirande parte dos modelos -agás os máis antigos-, en caso de escaparse a man ou producirse o seu movemento por rebote activa o freo de cadea.
- Freo de cadea "Quick stop". En caso de rebote o freo de cadea detena de maneira automática.
- Sistema antivibratorio. Puntos de amortecemento para reducir as vibracións transmitidas ao sistema man-brazo.
- Fiador de cadea: Bloquea a cadea se se desacelera.


**EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

- A motoserra é unha ferramenta perigosa, o que xustifica a cantidade de implementos que os fabricantes incorporan para diminuír a dita perigosidade. Por isto para o seu manexo É **INDISPENSABLE** levar o seguinte EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.
  - ✓ Pantalón , ou perneiras e peto de tecido de seguridade con acolchado especial anticadeas.
  - ✓ Luvas de protección fronte a riscos mecánicos, de mangas subidas.
  - ✓ Botas altas e resistentes aos cortes, coa sola antiesvaradía e punteira reforzada.
  - ✓ Casco de protección, con orelleiras de protección auditiva e pantalla facial contra proxección de obxectos incorporados ao mesmo.



**SELECCIÓN DA MOTOSERRA QUE SE VAI UTILIZAR E VERIFICACIÓNS QUE LLE HAI QUE REALIZAR ANTES DO SEU USO.**


- Utilizaranse unicamente as motoserras deseñadas para cada traballo, quedando expresamente prohibido a utilización improvisada das motoserras.



- Prohíbese abandonar as motoserras fóra dos lugares de almacenamento. Será obrigatorio ademais manter o lombo protexido coa funda durante o tempo que se usen, agás durante os tempos curtos de parada (entre corte e corte).
- O arranque da motoserra realizarase seguindo os seguintes pasos:
  - ✓ Nunha superficie nivelada e cun apoio seguro para os pés, lonxe do lugar onde se cargase o combustible (mínimo 3 metros), agarrar o mango dianteiro coa man esquerda, pisar a parte inferior do mango posterior co pé dereito e presionar a motoserra contra o chan
  - ✓ Agarrar a empuñadura de arranque coa man dereita e tirar lentamente do cordón ata que non note resistencia (isto significará que agarraron os ganchos de arranque), deixar que se recolla o cordón manténdoo tenso para despois realizar tiróns rápidos e fortes ata arrancar a máquina.
  - ✓ Cando o motor acenda, acelerar ao máximo e seguidamente soltar o acelerador (debe quedar en ralentí e coa cadea parada).


**TRABALLADORES ZURDOS**

- A motoserra está deseñada para o seu uso por operadores destros; o agarre da motoserra realizarase polo tanto única e exclusivamente posicionando a man dereita no mango posterior (acelerador) e a man esquerda no mango dianteiro, agarrando ambos os dous mangos con todos os dedos e sen soltar a máquina en ningún momento (incluso se se produce un recuamento). É a única forma de asegurar o correcto funcionamento do freo da cadea da máquina.




**USO XERAL DA MOTOSERRA**

- Só se pode utilizar a motoserra para o corte de madeira.
- Queda expresamente prohibido cortar coa parte superior da punta da espada da motoserra ou apoiar ou tocar coa dita zona calquera obxecto (xa que esta zona é o sector de risco de recuamento).
- Prohíbese a utilización da motoserra en lugares de difícil acceso ou estancia, que non permitan manter o corpo en equilibrio (lugares elevados e pequena superficie de apoio para os pés, etc...), así como depositala sen apagar o movemento da cadea.
- Non se permite o uso da motoserra por enriba dos ombreiros.
- Non se permite someter a esforzos laterais ou de torsión a espada durante o seu uso, nin aplicar exceso de presión.
- Para cortar pezas pequenas, será obrigatorio a súa suxeición mediante prenores que as manteñan fixas.




**MANTEMENTO DA MOTOSERRA**


**XENERALIDADES**



- O mantemento do equipo realizarase única e exclusivamente mediante os calibradores subministrados polo fabricante da máquina e de acordo ás indicacións feitas polo mesmo en canto aos seguintes parámetros refírese:
  - ✓ Ángulo de afiado
  - ✓ Ángulo de corte
  - ✓ Posición da lima.
  - ✓ Diámetro da lima redonda
  - ✓ Profundidade de afiado.
- En calquera caso, é obrigatorio as seguintes pautas durante o afiado:
  - ✓ Comprobar que a cadea está tensa para evitar inestabilidade lateral (do contrario o afiado non será correcto).
  - ✓ Afiar sempre dende o interior do dente cara a fóra (no retorno da lima, suavizar a presión), afiando primeiro todos os dentes dun lado e posteriormente, dando a volta á serra, os do outro lado, comprobando que o afiada ten a mesma lonxitude para todos os dentes.
  - ✓ Se se observa que só quedan 4 mm da lonxitude de dente, debe rexeitarse a cadea e colocar unha nova.
- Durante o tensado da cadea, o cal se fará cada vez que se cargue o carburante, seguiranse obrigatoriamente as seguintes pautas:
  - ✓ Afrouxar as porcas da espada que fixan a carcasa do freo en cadea mediante a chave combinada, para seguidamente apertalas a man todo o forte que se poida.
  - ✓ Coa punta da espada para arriba, tensar a cadea enroscando o parafuso de tensado coa chave



- ✓ combinada, ata que deixe de colgar na parte posterior da espada.
- ✓ Coa chave combinada, apertar as porcas da espada suxeitando ao mesmo tempo a súa punta (a cadea débese poder xirar a man con facilidade e non debe colgar na parte inferior da espada).



- Trala lubricación da cadea, apuntarase a punta da espada a uns 20 cm. dun obxecto fixo e claro, despois dun minuto de funcionamento a  $\frac{3}{4}$  de aceleración debe verse unha liña de aceite no obxecto (do contrario, a lubricación da cadea considérase incorrecta).

**MANTEMENTO DA MOTOSERRA**

- Diariamente o operador da motoserra realizará as seguintes verificacións e, en caso de detección dalgunha anomalía en calquera delas, avisará ao persoal de mantemento e esperará ata que a corrixan antes de utilizar a máquina:
  - 1.) Controlar que as distintas pezas do acelerador funcionen correctamente e de forma segura (bloqueo do acelerador, acelerador e bloqueo do arranque do acelerador).
  - 2.) Limpar o freo de cadea e comprobar que funciona con seguridade (verificar que o retén da cadea está intacto).
  - 3.) Limpar o filtro de aire.
  - 4.) Volver a espada cada día para que o seu desgaste sexa regular (comprobar que o orificio de lubricación da espada non está obturado) e limpar a guía da cadea.
  - 5.) Comprobar que tanto cadea como espada reciben aceite suficiente.
  - 6.) Afiar a cadea e comprobar o seu estado de tensado (verificar o desgaste do piñón de arrastre da cadea).
  - 7.) Limpar a toma de aire do dispositivo de arranque (verificar o estado do cordón de arranque).
  - 8.) Comprobar que os parafusos e porcas están apertados.
  - 9.) Comprobar que o botón de parada funciona satisfactoriamente.

